



Galicia

GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA polo TEU

ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 656

Semana do 7 ao 13 de decembro de 2015

O SECRETARIO XERAL DE UGT-GALICIA REÚNESE CO MÁXIMO RESPONSABLE DO PSDEG

A DERROGACIÓN DA REFORMA LABORAL, A SUBIDA DO SMI E A REVITALIZACIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA, TAREFAS BÁSICAS PARA A NOVA LEXISLATURA

Pobreza, exclusión e perda de liberdades é o balance desta lexislatura

Redacción.- O pasado mércores, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, xunto co máximo responsable do S.N. de CCOO, mantiveron unha xuntanza co líder do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, na que se puxeron enriba da mesa varias medidas encamiñadas a mellorar a situación sociolaboral dos traballadores. Analizáronse os grandes erros en materia laboral da lexislatura que remata e cales deben ser os retos de cara á nova andaina que comeza a partir do 20 de decembro.

Neste senso, Gómez apelou, entre outras cuestións, á necesidade preferente e urxente de que o novo Executivo que saia das urnas o 20D derroge a reforma laboral aprobada polo Goberno de Mariano Rajoy. Unha reforma do mercado de traballo que só trouxo consigo precariedade e perda de emprego.

Este é un punto esencial do documento de propostas entregados polos líderes sindicais que deberían analizarse nesta campaña e terse en conta de cara á nova lexislatura.

Documento que inclúe tamén a necesidade de modificar o artigo 135 da Constitución. Que tal e como está redactado a día de hoxe establece dous parágrafos letais, que a prioridade das administracións á hora de elaborar os seus orzamentos sexa o pago dos intereses e do capital da débeda e no que tamén se fai referencia ao límite do 60 por cento da dé-



beda pública establecido polo tratado de funcionamento da UE. Un tema capital que dificulta a recuperación económica e, sobre todo, que esta se deixe sentir entre as familias e os traballadores.

Asegurar a protección aos que peor o están pasando tamén debe ser un dos obxectivos. Por iso, UGT aposta porque un dos primeiros puntos a incluír na axenda do novo Goberno sexa poñer en marcha unha prestación de ingresos mínimos.

Incrementar ata os 800 euros o SMI tamén debe formar parte da axenda sociolaboral do novo Executivo e recoller os dereitos dos traballadores nunha posible reforma da Constitución.

O secretario xeral de UGT-Galicia considera que o único balance que se pode facer da lexislatura que termina é "pobreza, exclusión e perda de liberdades, regresión", en definitiva. Por iso, o traballo para os vindeiros catro anos é arduo e non pode esquecer tampouco o mantemento das pensións e do sistema público de benestar.

É evidente que hai que mudar as cousas en materia laboral, recuperar o papel do diálogo social e da negociación colectiva.

Gómez fio fincapé na boa predisposición que, inicialmente, amosou o secretario xeral do PSdeG ante o documento de propostas presentado por UGT-Galicia e o S.N. de CCOO de Galicia para abordar na nova lexislatura que se avexiña.

É DE LEI

prestación de ingresos mínimos para

2 MILLONS DE PERSOAS

INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR

Leva a túa sinatura ao Congreso

eu asino!

rescatar ás persoas combater a desigualdade

AS CLÁUSULAS DE REVISIÓN SALARIAL ESENCIAIS PARA GARANTIR O PODER ADQUISITIVO DOS TRABALLADORES



Redacción.- Ata o mes de outubro rexistráronse un total de 1.971 convenios, que afectan a 5.583.645 traballadores de 795.637 empresas e conteñen unha subida salarial media do 0,75%.

De todos os convenios rexistrados, 554 son convenios novos e recollen unha subida salarial do 0,85% para 1.359.305 traballadores mentres que 1.417 son convenios revisados e teñen unha subida salarial do 0,72% para 4.224.340 traballadores.

1.435 son convenios de empresa que afectan a 339.056 traballadores e recollen unha subida salarial do 0,48% mentres que os convenios de ámbito superior á empresa ascenden a 536, afectan a 5.244.589 traballadores e conteñen unha subida salarial media do 0,77%.

Do total de convenios rexistrados nestes dez meses, o 12,18% dos convenios asinados ata outubro teñen cláusula de garantía salarial para o 17,12% dos traballadores con convenio rexistrado.

Nos dez primeiros meses de 2015, de xaneiro a outubro, rexístrase unha media de 127 inaplicacións de convenios ao mes, 3.519 traballadores afectados ao mes e 28 traballadores por inaplicación. A pesar da evidente redución do ritmo de presentación

de inaplicacións, os dez meses de 2012 en que houbo rexistro, xa foron superados en dez meses de 2015, tanto en número de inaplicacións como en traballadores afectados.

O Sindicato defende a necesidade de que se garantan na negociación colectiva ganancias de poder adquisitivo para os traballadores e esixe, tal e como reflicte o III Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva, que os convenios teñan en conta que “o sumatorio dos salarios de 2015 e 2016 sexa maior á suma das inflacións de ambos os anos, en función proporcional dos salarios inicialmente pactados”.

O número de convenios sitúase en outubro de 2015 moi por encima dos que se rexistraron no mesmo mes dos tres anos anteriores. O mesmo ocorre co número de traballadores, (xa que a negociación de 2015 está moito máis adiantada á altura de outubro que a de anos anteriores cun incremento respecto de 2012 do 15,52%) e co número de empresas con convenio (en outubro de 2015 hai un 59,23% máis de empresas que en outubro de 2013).

En relación co incremento salarial medio, a recuperación continúa, pero moi amodo. Aínda que os convenios rexistrados no mes de outubro negociaron unha media

salarial de 0,77%, e os convenios novos deste mes sitúanse no 1,07%; no conxunto, a subida salarial media mantense en 0,75%, aínda que a media dos convenios novos ata outubro está en 0,85%.

Negociación Colectiva pendente

En xuño de 2015, pechouse a negociación colectiva de 2013, que supuxo o incremento da cobertura persoal e de empresas. A cobertura persoal acabou en 10.265.402 traballadores, fronte aos 10.099.019 traballadores do peche de negociación colectiva de 2012, o que supón un 1,65% máis.

As empresas en 2013 son un 12,99% máis que as de 2012, aínda que en 2013 tanto o volume de traballadores como o de empresas reduciuse.

Con este peche, a negociación colectiva de 2014, comparada co 2013 como último ano consolidado, reflicte que con datos ata agosto de 2015 falta por negociarse convenio para o ano 2014 para o 20,87% dos traballadores e o 11,00% das empresas. Pola súa banda, falta por negociarse o convenio 2015 para o 45,61% dos traballadores e o 39,40% das empresas que estiveron cubertas por convenio no exercicio 2013.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de **UGT**
ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

A PROPOSTA DE RAJOY NON SOLUCIONA O PROBLEMA DO EMPREGO

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, afirmou que a proposta de Rajoy, de eliminar o pago do IRPF durante o primeiro ano aos parados que atopan un emprego e ás persoas que decidan seguir traballando unha vez cumprida a idade de xubilación, no mellor dos casos pode ser unha medida paliativa pero en ningún caso supoñerá unha solución de fondo ao problema do emprego.

Ademais, as fórmulas de incentivação, bonificación e subvencións para o emprego non dan resultados, “non son unha garantía para que máis traballadores e traballadoras do noso país atopan un posto de traballo”. Méndez afirmou que a situación actual esixe, a nivel europeo, un plan de investimentos para relanzar a economía e, a nivel nacional, unhas políticas diferentes que faciliten a recuperación dos salarios, a actividade económica e melloren a innovación das empresas, “iso é o que de verdade tirará do emprego e do emprego de calidade”.

Méndez advertiu que profundar no mesmo modelo de crecemento econó-

mico, que non ten ningunha garantía redistributiva, supoñerá un novo aumento da desigualdade e a pobreza.

Neste sentido, lembrou que, mentres os bancos volven estar saneados e as empresas do Ibex incrementan os seus beneficios, hai 2.150.000 parados de moi longa duración, máis de 2.900.000 nenos e nenas viven en risco de exclusión e de pobreza e a brecha de xénero retrocedeu 13 anos, a niveis do ano 2002. “Non hai ningún motivo para a satisfacción” - dixo- se non que é preciso corrixir esta situación.

A “clave de bóveda” neste momento é loitar contra o paro, os baixos salarios e as desigualdades e incorporar mecanismos para redistribuír dunha maneira máis xusta a riqueza: a través da negociación colectiva, da mellora dos servizos públicos e a través dunha política fiscal que non se base nos agasallos



fiscais e en rebaixas de impostos.

Incidir en medidas como a rebaixa de cotizacións sociais (que compromete a estabilidade financeira da Seguridade Social) ou determinadas propostas en relación co IRPF (estímase en 13.000 millóns de euros a suma da desviación do déficit deste ano 2015 máis o ano 2016), é incidir nunhas políticas que asentan un modelo de crecemento económico que vai aumentar as desigualdades, que son inxustas e que son bastante irresponsables.

UGT INSISTE EN QUE O SMI DEBE MELLORAR ATA CHEGAR AOS 800 EUROS

Redacción.- UGT lémbrale á ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, en relación coas súas declaracións de que o Goberno consultou aos interlocutores sociais sobre o SMI, que consultar non basta, senón que é preciso negociar e acordar.

Neste sentido lémbrale que en novembro lle remitiron as súas propostas para mellorar o SMI de maneira que se achegue ao 60% do salario medio neto, tal e como recomenda a Carta Social Europea subscrita por España. O Sindicato demanda unha subida do 11% en 2016 para chegar aos 720 euros e outro aumento do 11% en 2017 ata os 800 euros. Considera que ante o cambio de ciclo económico, o Executivo non pode poñer en cuestión os efectos da recuperación para a maioría social.

UGT, ante a proximidade do período de actualización do SMI, fixo chegar, o pasado 2 de novembro, unha carta á ministra de Emprego e Seguridade Social, na que lle pedía preservar a protección



das persoas que se atopan en situación de desemprego, así como mellorar o poder adquisitivo da poboación que recibe un salario menor e cuxas condicións de vida fóronse deteriorando a medida que transcorreu a crise.

Neste sentido, lembraba que a política de austeridade e desvalorización salarial aplicada desde 2010 en España tamén se trasladou ao SMI, que sufriu unha perda de poder de compra de 5,4 puntos. Para UGT, isto é consecuencia de incumprir tanto o procedemento como

os criterios para fixar o aumento do salario mínimo, sinalados no artigo 27 do Estatuto dos Traballadores.

Á luz do importante papel que xoga o SMI, o Sindicato demandaba incrementar escalonadamente o SMI de forma que en 2017 alcance 800 euros. Unha contía que permitirá recuperar o poder adquisitivo perdido e aproximarse aos salarios mínimos existentes na Unión Europea dos 15 e ao 60% do salario medio, obxectivo que establece a Carta Social Europea subscrita por España.

DEBEMOS ESIXIR AOS PARTIDOS POLÍTICOS QUE CENTREN AS SÚAS PROPOSTAS EN RESOLVER O PROBLEMA DO PARO E AS DESIGUALDADES

Redacción.- Este mércores celebrouse no Cemiterio Civil de Madrid a homenaxe a Pablo Iglesias, fundador da Unión Xeral de Traballadores e do Partido Socialista Obreiro Español, no 90º Aniversario do seu falecemento.

No acto participou unha delegación de UGT, encabezada polo seu secretario xeral, Cándido Méndez, quen, durante a súa intervención subliñou que o interese e a prioridade absoluta de UGT neste momento é que “nesta campaña electoral céntrense, clarifiquen e expliquen propostas moi concretas para combater o gravísimo problema do paro no noso país, particularmente o dos mozos e o dos parados de moi longa duración”.

“Neste últimos catro anos”, manifestou, “produciuse unha tremenda polarización da sociedade. España é o país de Europa onde máis creceu a desigualdade e a pobreza e non foi tanto porque os ricos sexan máis ricos, senón porque se desplomaron as clases medias, que no seu 90% son as clases traballadoras deste país”.

Méndez advertiu de que “actualmente hai máis de 2.150.000 parados de longa duración (que levan máis de dous anos en paro), unha vía inexorable cara á pobreza, e do feito de que en España haxa case tres millóns de nenos e nenas que viven en risco de exclusión e de pobreza, o que se denomina, estar en risco da transmisión interxeneracional da pobreza”.

“Por iso”, explicou, “estamos ante un escenario dunha gran transcendencia política e hai que facer un esforzo para esixir a todos os partidos políticos que cumpran o que prometen, que sexan concretos nas propostas e que fagan virar as súas propostas ao redor dos principais problemas que hai no noso país: o gravísimo problema do paro e o aumento das desigualdades”.

“Se queremos que o problema do paro entre nunha vía certa de solución, é necesario derrogar a reforma laboral e repoñer os dereitos expoliados, así como, esixir moita concreción e moito compromiso en relación co presente e o futuro do sistema público de pensións, un alicerce fundamental para a nosa sociedade que hai que defender e mellorar”.



Centos de tractores bloquean o Carrefour de A Coruña

Redacción.- Dous meses despois de asinado o acordo lácteo, os prezos do leite no campo continúan sen subas. As cadeas de supermercados, pola contra, si incrementaron o prezo das súas marcas brancas nos lineais. Unha situación que o sector entende que require dunha explicación.

Por iso, as organizacións que conforman a Plataforma en Defensa do Sector

Lácteo, da que UU.AA. forma parte, están a desenvolver actos simbólicos de protesta diante das áreas comerciais galegas que consisten no reparto de información aos consumidores.

E xa a partir deste xoves centos de tractores rodean a área comercial de Carrefour en A Coruña, onde tamén se continúa co reparto de información aos consumidores.



Aberta a convocatoria para a cuarta edición do premio á innovación educativa “Escola Viva”

Redacción.- FETE-UGT Galicia e Escola Viva deron a coñecer a convocatoria da cuarta edición do Premio á Innovación Educativa Escola Viva. O prazo para a presentación dos traballos queda aberto ata o próximo día 18 de marzo e a resolución darase a coñecer o 21 de abril.

Estes premios teñen como obxectivo recoñecer o labor daqueles docentes que levan a cabo experiencias didácticas innovadoras nos seus centros, co fin de mellorar a formación do seu alumnado. O secretario xeral de FETE e presidente de Escola

Viva, Raúl Gómez Farto, explicou que este premio, promovido por ambos colectivos, naceu na década dos noventa, pero que se abandonou trala segunda edición para centrarse noutros aspectos. “O pasado ano, ao apreciar a desmotivación do profesorado ante os recortes que están a soportar, pensamos que era o momento de retomar estes premios e a resposta foi moi positiva”.

Poderán presentarse a este premio profesores de Educación Infantil e Primaria, Educación Secundaria, Ensinanzas Artísticas e de Réxime especial e Formación Pro-



fesional de centros públicos e concertados. Os traballos educativos que se presenten deberán versar sobre os seguintes ámbitos: aprendizaxe participativa e colaborativa, atención á diversidade, convivencia, educación ambiental, TICs, linguas estranxeiras e ensinanzas artísticas.